

Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI)

Servizos de apoio da OTRI

Jose Mahía Saavedra
13 de abril de 2018



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Índice de contidos

- Unidade apoio a Europa
- Ciencia Excelente
- Contratos Artigo 83 da LOU
- Protección de resultados
- Comercialización de resultados
- Creación de empresas



Unidade de apoio a Europa

- Fomentar a participación do persoal investigador da UDC en programas europeos e internacionais de I+D
- Ofrecer un apoio directo na preparación e xestión de proxectos internacionais de I+D





Servizos de apoio prestados pola OTRI (co apoio puntual de entidades externas) aos investigadores da UDC para as súas solicitudes a programas europeos de I+D+i:

- A. Actividades previas.**
- B. Apoio na preparación e envío de solicitudes.**
- C. Apoio na execución de proxectos concedidos**



A. Actividades previas

1. Difusión de información sobre convocatorias europeas
2. Actividades de formación e sensibilización
3. Resolución de consultas/dúvidas
4. Interlocución con entidades relevantes para convocatorias europeas
5. Representación en eventos e foros europeos
6. Definición de ideas de proxecto
7. Identificación de convocatorias de interese
8. Asociación idea – convocatoria (validación)

B. Apoio na preparación e envío de solicitudes

9. Asesoramento fase inicial de preparación da proposta
10. Procura de parceiros
11. Fase de redacción da proposta
12. Fase de elaboración da proposta
13. Fase de envío da proposta
14. Seguimento da solicitude

C. Apoio na execución de proxectos concedidos

15. Apoio na preparación de documentos para propostas seleccionadas
16. Inicio de proxectos financiados
17. Fase de execución proxectos financiados
18. Fase de peche de proxectos financiados
19. Apoio para actividades de comunicación
20. Actividades de transferencia e valorización

***INSTRUCCIÓN DE SOLICITUDE E XESTIÓN DE PROXECTOS
EUROPEOS DO PROGRAMA HORIZON 2020
E DOUTROS PROXECTOS INTERNACIONAIS E DE CUSTOS
INDIRECTOS E RECURSOS LIBERADOS DISPOÑIBLES
NO MARCO DESTES PROXECTOS DE I+D***

Aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión
do 28 de setembro de 2017

https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2017/002759



PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

- Necesario un informe favorable da OTRI e autorización do VPCIT, **previo** a súa presentación
- IP da proposta debe remitir solicitude de autorización á OTRI
- Prazo: **10 días hábiles antes** do remate do prazo de solicitude
- Revisión exclusivamente administrativa e económica do proxecto
- O informe previo da OTRI e a autorización do VPCIT son requisitos imprescindibles para:
 - Reducións de horas de docencia
 - Aplicación da normativa referida á utilización dos Recursos Liberados Dispoñibles (RLDs)



REPARTO DOS RLDs

- RLD: diferenza entre o importe ingresado pola entidade financeira en concepto de subvención, e a contía desembolsada pola Universidade para realizar o proxecto.
- Os RLDs xeraranse, na súa maior parte, computando e valorando o tempo traballado do persoal propio.
- A decisión do destino que se lles asigne aos RLDs correspóndelle á UDC
- A UDC porá á disposición do proxecto o 85% dos RLDs xerados.
- Desta porcentaxe reservará unha parte ata a aprobación definitiva das xustificacións periódicas e do final do proxecto
- Durante a elaboración da solicitude do proxecto, o/a IP deste terá que efectuar as previsións necesarias para contar con crédito suficiente de RLD que permita cubrir os gastos non elixibles do proxecto



UTILIZACIÓN DOS RLDs

1. En primeiro lugar, para os custos non elixibles do proxecto:
 - PCs, portátiles, consumibles informáticos
 - amortizacións parciais de equipamento elixible
 - mantemento de equipos
 - custos rexeitados polas auditorías
 - Pagamento de IVE
2. Cubrir custos non previstos inicialmente
3. Gastos de investigación
4. Gastos de investigación
5. Complementos salariais (proposta de repartición do IP):
 - 12.000 € (máximo) IP proxecto coordinado pola UDC
 - 10.000 € (máximo) membros equipo proxecto coordinado pola UDC
 - 8.000 € (máximo) IP e membros equipo proxecto NON coordinado



OTRI - Oficina de Transf... X

otri.udc.es

+34 981 167 173 | otr@udc.es | ESCI, Campus de Elviña, s/n 15071 A Coruña

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

OTRI

OTRI | UDC-EMPRESA | PROTECCIÓN DA I+D | CREACIÓN DE EMPRESAS | CIENCIA EXCELENTE | I+D EUROPA | CONTACTO

I + D EUROPA

Apoio no desenvolvemento e xestión de proxectos europeos de I+D

empresas

investigadores

emprendedores

otri.udc.es/unidade-de-apoio-a-europa/

21:00
19/11/2017

Unidade de apoio a Europa

Valérie Bruynseraede

Apoio a Proxectos Europeos de I+D

881 01 1464

otri.europa@udc.es

Octavio Pernas Sueiras

Apoio a Proxectos Europeos de I+D

Apoio á Ciencia Excelente

881 01 5783

otri.europa@udc.es

otri.cienciaexcelente@udc.es

Xosé Manuel García García

Apoio a Proxectos Europeos de I+D

881 01 2692

otri.europa@udc.es



Ciencia Excelente

- Atrair talento excelente de calquera parte do mundo á UDC
- Dar continuidade á carreira investigadora dentro da UDC
- Incentivar a participación da UDC no Piar de Ciencia Excelente do Programa H2020
- Apoiar a concorrencia de investigadores ás ERC *grants*





Programa de apoio
á ciencia excelente

+34 981 167 173 | otri@udces | 9 ESCI, Campus de Elviña, s/n 15071 A Coruña



[BERCE](#) [REGISTRATION FORM](#) [SUPPORT](#) [CONTACT](#)



FULL SUPPORT FOR RESEARCHERS APPLYING FOR ERC GRANTS

- We provide **FUNDING** for the outsourcing of expert consultants to help with research proposals
- A **PERMANENT CONTRACT** within the university for ERC grantees

berce: Welcome, Stabilisation and Bringing Back to Scientific Talent

berce is a **UDC programme** which includes a series of specific measures to give **full support** to **researchers preparing an ERC grant**. The support includes access to **expert international consultants** to help with the preparation of proposals.

Successful ERC grantees are offered a **permanent position at the UDC**.

Who is eligible for these grants?

- Researchers of any nationality
- Researchers who fulfil the requirements to apply for an ERC grant

Requirements

- UDC must be the Host institution of the project
- Previous association with UDC is not necessary

www.berceudc.com



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



INTALENT UDC - INDITEX

f t in

+34 981 167 173 intalent@udc.es en es gl

INTALENT
UDC - INDITEX

UNIVERSIDADE DA CORUÑA **INDITEX**

INTALENT INVESTIGADORES INTALENT CIENCIA EXCELENTE INVESTIGACIÓN LIFESTYLE ACTUALIDADE COMUNICACIÓN CONTACTO 



InTalent

É un programa específico de colaboración entre a [Universidade da Coruña](#) e [Inditex](#) para a contratación de investigadores posdoutorais con proxección e ampla traxectoria internacional baixo o único criterio da excelencia.

MÁIS

www.intalent.udc.es



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Ciencia Excelente

Octavio Pernas Sueiras

Apoio a Proxectos Europeos de I+D
Apoio á Ciencia Excelente

881 01 5783

otri.europa@udc.es

otri.cienciaexcelente@udc.es

José Mahía Saavedra

Director de Xestión Científico-Técnica
Programa InTalent

881 01 2073

otri.direccion@udc.es

Javier Garrido Barral

Creación de Spin-off e Viveiro de empresas
Programa InTalent

881 01 2629

otri.spinoff@udc.es

otri.viveiro@udc.es

intalent@udc.es



Contratos Artigo 83 da LOU

- O artigo 83 da LOU estableceu que os grupos de investigación recoñecidos pola Universidade, os departamentos e os institutos universitarios de investigación, así como o seu profesorado, poderán asinar contratos con persoas, universidades ou entidades públicas ou privadas para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación.
- Regulamento para a contratación de servizos científicos, técnicos, artísticos ou docentes, aprobado polo Consello de Goberno de 18 de xullo de 2012 e modificado polo Consello Social do 23 de xullo de 2013



Contratos Artigo 83 da LOU

- Segundo o Regulamento da UDC, este tipo de contratos poderán formalizarse a través da UDC ou a través das diferentes entidades habilitadas para iso (fundacións e entidades xestoras que teñen un convenio específico asinado coa UDC para xestionar este tipo de contratos).
- A OTRI será o servizo encargado da coordinación, revisión e xestión de todos os contratos da UDC
- Para a realización destas actividades é necesario asinar un que documento contractual e a autorización da Vicerreitoría correspondente



Contratos Artigo 83 da LOU

- A realización das actividades recollidas no contrato serán remuneradas e o persoal que participe no mesmo poderá recibir a retribución que se estableza
- O material (bens) adquirido con cargo a estes contratos pertence á UDC
- É necesario ter en conta a titularidade e explotación dos posibles resultados das actividades do contrato
- A estas actividades se lles aplica uns custos indirectos tanto para a UDC como para a entidade xestora.



Contratos Artigo 83 da LOU

Pilar Pintor Vázquez

Directora de Xestión Administrativo-Económica

881 01 1494

otri.administracion@udc.es

otri.direccion@udc.es



Protección dos resultados

- A protección da propiedade industrial e intelectual é un pilar fundamental nas actividades de transferencia que debe desenvolver a universidade.
- O marco xurídico nesta materia cambiou recentemente coa nova Lei 24/2015, de 24 de xullo, de Patentes:
 - desaparición da exención de taxas para as universidades públicas,
 - obrigatoriedade do exame previo en todas as solicitudes
 - deber de comunicación de invencións á entidade pública á que pertencen os inventores
- De acordo co Regulamento de propiedade industrial e propiedade intelectual da UDC, aprobado polo Consello Social de 18 de xullo de 2012, corresponde á OTRI a xestión da protección dos coñecementos e resultados xerados na UDC.



Protección dos resultados

- Correspóndelle á UDC a titularidade dos resultados das actividades de investigación, desenvolvemento e innovación realizadas polo seu persoal investigador como consecuencia do desempeño das funcións que lle son propias, calquera que for a natureza da relación xurídica pola que estiver vinculado a elas.
- Dereitos morais dos autores ou inventores: A UDC respectará en calquera caso o dereito dos membros da comunidade universitaria a seren recoñecidos como inventores ou autores das invencións ou das obras que desenvolveren, de conformidade coas previsións da normativa vixente en materia.
- Dereitos económicos para os autores e inventores: reparto dos beneficios que obtiver a UDC procedentes da explotación ou cesión dos resultados de investigación



Protección dos resultados

A través da OTRI xestiónanse as patentes realizadas polo profesorado no ámbito das súas funcións docentes e investigadoras

- Xestión e asesoramento sobre a protección de resultados de investigación
- Documentación sobre propiedade industrial: normativas, leis, directivas, etc
- Tramitación de solicitudes de patentes e software
- Explotación de resultados: contratos de transferencia de tecnoloxía, contratos de licenzas de explotación e contratos de know-how



Protección dos resultados

- Protocolo de actuación de protección de resultados de investigación da explotación ou cesión dos resultados de investigación (páxina web da OTRI)

- COMUNICACIÓN DE RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN
 1. Datos xerais
 2. Identificación dos autores do resultado
 3. Orixe dos resultados e estado da técnica
 4. Descrición xeral do resultado
 5. Grao de desenvolvemento
 6. Expectativas sobre o resultado
 7. Información para a valorización do resultado



Protección dos resultados

María Isabel Docampo Ramos

Protección de resultados de investigación

881 01 1437

otri.proteccion@udc.es



Comercialización de resultados

- Desde a OTRI apoiamos ao investigador na procura dunha saída comercial para os resultados de investigación alcanzados, así como da axuda necesaria para orientar as liñas de investigación do grupo ás necesidades actuais do mercado. Podemos prestar asesoramento en cuestións de estratexia, promoción, visualización, comercialización, negociación de licenza ou cesión de patentes, etc
- Na valorización de resultados de investigación preténdese analizar a estratexia adecuada de protección dunha invención da Universidade, a novidade da tecnoloxía e valorar o potencial de explotación para preparar un posterior plan de comercialización.



Comercialización de resultados

- Poñemos en contacto a empresas e investigadores da UDC
- Informamos sobre convocatorias de axudas para financiar actividades de investigación e desenvolvemento en colaboración Universidade – Empresa
- Potenciamos as relacións entre o tecido empresarial e os grupos de investigación da UDC
- Información sobre a oferta tecnolóxica, as liñas de investigación, recursos da UDC e os resultados acadados polos grupos de investigación
- Asesoramos na negociación de licenza ou cesión de resultados de investigación



Comercialización de resultados

Miguel Garea Garea

Colaboración UDC-Empresa, Valorización e Oferta Tecnolóxica

881 01 1487

otri.valorizacion@udc.es

Aitor Astoreca Urquidi

Colaboración UDC-Empresa, Valorización e Oferta Tecnolóxica

881 01 5770

otri.valorizacion@udc.es



Creación de empresas

- A creación de empresas de base tecnolóxica de iniciativa universitaria, comunmente coñecidas como spin-off, estase consolidando como un novo mecanismo de transferencia do coñecemento xerado polos grupos de investigación e o resto da comunidade universitaria cara á sociedade.
- É por isto que se desenvolveu o Regulamento de creación e recoñecemento de empresas da UDC, a través do cal estrutúrase a creación e a posibilidade de participación por parte da UDC en empresas baseadas en coñecemento e resultados de investigación.



Creación de empresas

A Universidade da Coruña ten entre os seus obxectivos prioritarios o desenvolvemento profesional dos membros da comunidade universitaria. Como un labor de apoio aos emprendedores e ás emprendedoras, a UDC pon á disposición da comunidade universitaria o seu Viveiro de Empresas como un espazo enfocado a fomentar e estender a cultura emprendedora e a facer realidade a creación e consolidación de iniciativas innovadoras.



Creación de empresas

Javier Garrido Barral

Creación de Spin-off e Viveiro de empresas
Programa InTalent

881 01 2629

otri.spinoff@udc.es

otri.viveiro@udc.es

intalent@udc.es



GRAZAS!

Jose Mahía Saavedra

OTRI

Edificio Servizos Centrais de Investigación

Campus de Elviña

15071 A Coruña

Teléfono: 881 01 2073

Correo electrónico: jose.mahia@udc.es

<http://otri.udc.es>

